# R: empresa, sindicatos e “comunistas” xuntos contra o traballador

No camiño a se converter en monopolio, as empresas invisten o seu diñeiro acumulado, o cal ten orixe na plusvalía que xeran os seus traballadores, en mellorar e refinar o seu modelo de explotación para aumentar beneficios en detrimento dos dereitos dos traballadores. Isto é posible non só porque as leis emanadas do imperialismo permiten a existencia de manobras en favor da burguesía, senón tamén porque nesta etapa de refluxo de conciencia de clase que estamos vivindo actualmente, os sindicatos amarelos, que non son mais que a personificación do Estado nos centros de traballo, ocúpanse de entreter a aqueles elementos obreiros máis avanzados que cuestionen as decisións da empresa.
O que acontece na empresa telefónica R, filial de Euskaltel, e nas súas subcontratas é un exemplo perfecto do explicado anteriormente. Fai unhas semanas, a empresa deu o sinal de saída para a deslocalización, o cal non obedece máis que ao abaratamento dos custos de produción. Esta orde para nada é casual, posto que Euskaltel obtivo este ano beneficios récords, resultado que sen ningunha dúbida apuntan a mellorar aínda que lle custe a destrución de postos de traballo ou o empeoramento do nivel de vida dos seus traballadores.

Ante esta evidente agresión aos traballadores e o alboroto que a decisión empresarial xerou neles, os sindicatos competentes do Estado (CCOO, UGT e CIG) comezaron a por en marcha a súa maquinaria para dirixir aos traballadores á precarización encuberta da súa situación. E isto non é algo que nós esteamos a inventar, senón que se pode comprobar nunha das alternativas que o comité de empresa propón no pasquín repartido nas manifestacións: a subcontratación como mal menor e alternativa á deslocalización. Como é posible que uns sindicatos que supostamente defenden aos traballadores propoñan tal medida

que o único que provoca é a precarización dos traballadores e o consecuente aumento das ganancias da empresa? Porque estes sindicatos son o propio Estado e ben o demostrou CCOO cando en 2014 firmou un preacordo con Euskaltel no País Vasco que favorecía a subcontratación e, inclusive, ao despidos dos traballadores se esa era a vontade da empresa.

Alén diso, e como a enésima proba do enraizamento do oportunismo no movemento obreiro, temos que soportar a organizacións autodenominadas “comunistas” como o PCTE facendo seguidismo do Comité de Empresa, liderado polos sindicatos amarelos antes mencionados. O PCTE que, con toda a cobardía que o caracteriza, acusounos de forma indirecta a nós, o PCOE, de “non estar en contacto coas masas” na súa campaña electoral en Lugo. Curiosa esa súa forma de ter relación cos traballadores, a través dos sindicatos dos EREs e que recentemente firmaron para Isowat o segundo ERTE, como non, mirando pola empresa e deixando no chan ao traballador! A que masas se refire a escisión de Ástor García, ás traballadoras ou as empresariais?

Camaradas, como podedes ver a nosa misión non é doada. A conciencia da clase obreira está a mínimos e a burguesía xunto coa súa presencia no movemento obreiro (CCOO, UXT, CIG, PCE, PCPE, PCTE…) está realizando ata agora unha xogada magnífica arrasando o pouco xerme de movemento que aínda existe. Pero precisamente por iso, xustamente agora, é o momento de se incorporar nas fileiras do Partido, é momento de otorgarlle aos traballadores de todo o mundo a identidade que se lles é negada no capitalismo. É o momento de que a Fronte Única do Pobo se erixa como verdadeiro órgano democrático do pobo. É o momento da revolución.

**Organízate cos sindicatos de clase!**

**Organízate co PCOE!**

**Viva a loita da clase obreira!**

Célula Aurora do PCOE en A Coruña

**R: empresa, sindicatos y "comunistas" juntos contra el trabajador**

En el camino a convertirse en monopolio, las empresas invierten su dinero acumulado, el cual tiene origen en la plusvalía que generan los trabajadores, en mejorar y refinar su modelo de explotación para aumentar beneficios en detrimento de los derechos de los trabajadores. Esto es posible no sólo porque las leyes emanadas del imperialismo permiten la existencia de maniobras en favor de la burguesía, sino también porque en esta etapa de reflujo de conciencia de clase que estamos viviendo actualmente, los sindicatos amarillos, que no son más que la personificación del Estado en los centros de trabajo, se ocupan de entretener a aquellos elementos obreros más avanzados que cuestionen las decisiones de la empresa.
Lo que sucede en la empresa telefónica R, filial de Euskaltel, y en sus subcontratas es un ejemplo perfecto de lo explicado anteriormente. Hace unas semanas, la empresa dio la señal de salida para la deslocalización, lo cual no obedece más que al abaratamiento de los costes de producción. Esta orden para nada es casual, puesto que Euskaltel obtuvo este año beneficios récords, resultado que sin duda apuntan a mejorar aunque le cueste la destrucción de puestos de trabajo o el empeoramiento del nivel de vida de sus trabajadores.

Ante esta evidente agresión a los trabajadores y al alboroto que la decisión empresarial generó en ellos, los sindicatos competentes del Estado (CCOO, UGT y CIG) comenzaron a poner en marcha su maquinaria para dirigir a los trabajadores a la precarización encubierta de su situación. Y esto no es algo que nosotros nos estemos inventando, sino que se puede comprobar en una de las alternativas que el comité de empresa propone en el pasquín repartido en las manifestaciones: la subcontratación como mal menor y alternativa a la deslocalización. ¿Cómo es posible que unos sindicatos que

supuestamente defienden a los trabajadores propongan tal medida que lo único que provoca es la precarización de los trabajadores y el consecuente aumento de las ganancias de la empresa? Porque estos sindicatos son el propio Estado y bien lo demostró CCOO cuando en 2014 firmó un preacuerdo con Euskaltel en el País Vasco que favorecía la subcontratación e, inclusive, al despido de los trabajadores si esa era la voluntad de la empresa.

Aparte de eso, y como la enésima prueba del enraizamiento del oportunismo en el movimiento obrero, tenemos que soportar a organizaciones autodenominadas "comunistas" como el PCTE haciendo seguidismo al comité de empresa, liderado por los sindicatos amarillos antes mencionados. El PCTE que, con toda la cobardía que lo caracteriza, nos acusó de forma indirecta a nosotros, el PCOE, de "no estar en contacto con las masas" en su campaña electoral en Lugo. ¡Curiosa esa forma suya de tener relación con los trabajadores, a través de los sindicatos de los EREs y que recientemente firmaron para Isowat el segundo ERTE, como no, mirando por la empresa y dejando en el suelo al trabajador! ¿A qué masas se refiere la escisión de Ástor García, a las trabajadoras o las empresariales?

Camaradas, como podéis ver nuestra misión no es fácil. La conciencia de la clase obrera está a mínimos y la burguesía junto con su presencia en el movimiento obrero (CCOO, UGT, CIG, PCE, PCPE, PCTE…) está realizando hasta ahora una jugada magnífica arrasando el poco germen revolucionario que aún existe. Pero precisamente por eso, justamente ahora, es el momento de incorporarse a las filas del partido, es el momento de otorgarle a los trabajadores de todo el mundo la identidad que se les es negada en el capitalismo. Es el momento de que el Frente Único del Pueblo se erija como verdadero órgano democrático del pueblo. Es el momento de la revolución.

**¡Organízate con los sindicatos de clase!**

**¡Organízate con el PCOE!**

**¡Viva la lucha de la clase obrera!**
Célula Aurora del PCOE en A Coruña